

007844 26.10.2010 10:05

CORRECCIÓN DA RESOLUCIÓN DE ADAPTACIÓN DA LICENCIATURA EN FARMACIA AO GRAO EN FARMACIA

No Anexo da Resolución Reitoral de adaptación da Licenciatura en Farmacia ao Grao en Farmacia, con data 29 de xullo de 2010, figura o cadro de adaptacións entre os planos de estudos de ambas as dúas titulacións.

Desde o Decanato da Facultade de Farmacia comunicaron mediante correo electrónico do 15 de outubro a existencia dun erro no cadro de adaptacións en relación ás materias da Licenciatura *Matemáticas e Ampliación de Matemáticas*, con correspondencia coas do Grao *Matemáticas e Estatística I e II*. Así mesmo, comprobouse que a materia *Contaminación Abiótica dos Alimentos* debe figurar como non recoñecible.

Estes erros producíronse na transcripción da táboa de adaptacións que figura na memoria do Grao en Farmacia verificada positivamente polo Consello de Universidades.


Por esta razón,

RESOLVO,

1. Corrixir a táboa de adaptacións da Licenciatura en Farmacia ao Grao en Farmacia, de xeito que os alumnos que teñan superadas conxuntamente as materias da Licenciatura *Matemáticas e Ampliación de Matemáticas* terán adaptadas as dúas materias correspondentes do Grao, *Matemáticas e Estatística I e II* (non é correcta a adaptación materia por materia que figura na resolución do 29/07/2010). No Anexo a esta resolución recóllese a redacción definitiva da táboa de adaptacións.
2. Corrixir a táboa de adaptacións en relación á materia *Contaminación Abiótica dos Alimentos*, que se recoñece por créditos optativos, como se indica no Anexo.

Santiago de Compostela, 25 de outubro 2010

O Reitor da Universidade de Santiago de Compostela,



Juan José Casares Long

Sra. Vicerreitora de Estudos de Grao e Posgrao, Sr. Secretario Xeral Adxunto, Sr. Decano da Facultade de Farmacia, Sr. Xefe do Servizo de Xestión Académica, Sra. Directora da OIU, Sra. Xefa da Oficina de Análise de Reclamacións e Mellora do Procedemento, Sra. Xefa da Unidade de Xestión Académica do Campus Vida

ANEXO

1. En relación ás materias da Licenciatura: *Matemáticas e Ampliación de Matemáticas*

Onde di (resolución de adaptación do 29/07/2010):

LICENCIATURA EN FARMACIA (541)					GRAO EN FARMACIA (G2081)				
CÓDIGO	MATERIA	CARÁCTER	CURSO	CREDITOS	CÓDIGO	MATERIA	CARÁCTER	CURSO	CREDITOS
104	MATEMÁTICAS	TR	1º	6	101	MATEMÁTICAS E ESTATÍSTICA I	FB	1º	4,5
221	AMPLIACIÓN DE MATEMÁTICAS	OP	2º	6	105	MATEMÁTICAS E ESTATÍSTICA II	FB	1º	4,5

Debe dicir:

LICENCIATURA EN FARMACIA (541)					GRAO EN FARMACIA (G2081)				
CÓDIGO	MATERIA	CARÁCTER	CURSO	CREDITOS	CÓDIGO	MATERIA	CARÁCTER	CURSO	CREDITOS
104	MATEMÁTICAS +	TR	1º	6	101	MATEMÁTICAS E ESTATÍSTICA I +	FB	1º	4,5
221	AMPLIACIÓN DE MATEMÁTICAS	OP	2º	6	105	MATEMÁTICAS E ESTATÍSTICA II	FB	1º	4,5

2. En relación á materia da Licenciatura: *Contaminación Abiótica dos Alimentos*

Onde di (resolución de adaptación do 29/07/2010):

LICENCIATURA EN FARMACIA (541)					GRAO EN FARMACIA (G2081)				
CÓDIGO	MATERIA	CARÁCTER	CURSO	CREDITOS	CÓDIGO	MATERIA	CARÁCTER	CURSO	CREDITOS
422	CONTAMINACIÓN ABIÓTICA DOS ALIMENTOS	OP	4º	7,5	345	SEGURIDADE E LEXISLACIÓN ALIMENTARIA+	OP	3º	4,5

Debe dicir:

LICENCIATURA EN FARMACIA (541)					GRAO EN FARMACIA (G2081)				
CÓDIGO	MATERIA	CARÁCTER	CURSO	CREDITOS	CÓDIGO	MATERIA	CARÁCTER	CURSO	CREDITOS
422	CONTAMINACIÓN ABIÓTICA DOS ALIMENTOS	OP	4º	7,5	-	CRÉDITOS OPTATIVOS	OP	-	-